

Na cidade da Coruña celébrase o bicentenario da batalla de Elvina, e no medio desta celebración acontece algo que podería crear un importante conflito diplomático con Francia: a coroa de Napoleón cedida para os actos desapareceu. Para resolver a situación aparece Tintimán, unha sorte de xornalista-investigador, estudante de bacharelato cun máis que alto concepto de si mesmo, algo así como un superheroe algo impertinente, que, axudado por amigos e o seu gato señor Grozni conseguirá resolver o problema malia os atrancos que se lle van presentando.

É este o argumento dunha novela de detectives para adolescentes con todas as características que isto implica, a xuventude e inusual independencia dos protagonistas, a

Novela de detectives

Con chiscadelas bravú

PAULA FERNÁNDEZ

aparición de problemas de grande importancia dentro da súa vida cotiá e as súas ganas de enfrontarse a eles, momentos h u -

morísticos localizados nos momentos máis relaxados, á beira doutros máis tensos que reflicten perigo, misterios históricos inseridos nunha aura sobrenatural e unha inocente

tensión sexual entre os protagonistas, que neste caso revela a inmadurez de Tintimán no seu tratamento coas mulleres. Todos trazos que cando se conxugan adoitan dar un bo resultado e, se ademais temos en conta que este é un tipo de novela co que Jau-reguizar (Bil-

bao, 1965) semella estar cómodo -trama urbana, sucesión de acontecementos dinámica e chiscadelas cómicas que o achegan ao bravú co que se iniciou na literatura- comprobamos que o autor de *Balea morta ou lancha a pique* quere chegar, e mais sabe como facelo, ao público adolescente.

Non se pode esquecer o traballo de Matalobos que, dende as ilustracións, contribúe brillantemente coa recreación desa atmosfera detectivesca, con reminiscencias clásicas e recorrentes do xénero. Unha atmosfera que foi inventada e deseñada polo autor para facer pasar un bo rato a rapaces e rapazas da ESO e Bacharelato que, de seguro, gozarán con esta colección -as historias de detectives con frecuencia enchen varios volumes- que xa comezara con *Corazón de chocolate*, ambientado en Compostela, e que polo que parece vai ter continuidade na cidade de Lugo.

JAUREGUIZAR, A coroa de Napoleón (Ilustr. Matalobos) Ed. Xerais, Vigo 2010, PVP. 12 €

